

Jaime Aneiros Pereira, en nome do Grupo Municipal do Partido Socialista no Concello de Vigo,



EXPÓN

Que, a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do día 18 de outubro de 2024, aprobou o Proxecto dos Orzamentos da Entidade Local e o seu Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo e os Plans de Actuación e Financiamento das Fundacións que forman parte do Grupo Concello de Vigo: MARCO e CONVENTION BUREAU para o ano 2025.

Que, a Comisión de Orzamentos e Facenda, en sesión de data 23/10/2024 en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais puideran presentar emendas ao Proxecto de Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 18 de outubro de 2024. O prazo de inicio de presentación de emendas quedou fixado o comezou para o día 23/10/2024, e remata ás 13,00 horas do día 31/10/2024.

Que, de acordo ao previsto no artigo 82 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), pola Secretaría do Pleno, autorizou a todos os Concelleiros que conforman o Pleno o acceso ao expediente coa finalidade de que poidan consultar todos os documentos que consideren necesario para o estudo, emenda e formación da vontade sobre o pronunciamento que adopten no expediente.

De acordo ao previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOPPO nº 114 do día 15/06/2016 (ROP), modificado polo Pleno en sesión do 24/02/2021, publicado no BOPPO nº 87 de 10/05/2021, o Grupo Municipal do Partido Socialista do Concello de Vigo, facendo uso desta prerrogativa presenta unha emenda PARCIAL ao Orzamento no prazo previsto pola Comisión do que queda constancia no expediente coa data 31/10/2024.

EMENDA

Sendo necesario facer un axuste de tipo cualitativo, que en ningún caso altera o importe de proxecto orzamentario aprobado, que ademais non ten repercusión algunha nos equilibrios orzamentarios, o Grupo Municipal Socialista, formula á Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a seguinte emenda PARCIAL ao Proxecto do Orzamento para o ano 2025 en trámite de emendas:

A) De variacións cualitativas

DIMINUCIÓN				INCREMENTO			
Aplicación	Previsto	Diminución	Definitivo	Aplicación	Previsto	Aumento	Definitivo
9204.2279901	423.191,07	14.000,00	408.191,07	3340.4800008	195.000,00	10.000,00	205.000,00
				9240.4890006	16.000,00	4.000,00	20.000,00
Total		14.000,00				14.000,00	

Modificar o estado de subvencións nominativas nas aplicacións 3340.4800008 e 9240.4890006.

Modificar a aplicación 9204.2279901. Nesta aplicación a dotación estaba polo contía da licitación, sendo a adxudicación por un importe menor.

B) de Corrección de erros.

Aplicación	Definición no Proxecto	Definición corrixida
3330.6230001	Climatización de salas da Casa das Artes	Climatización Salas da Casa Galega da Cultura
3410.4800016	Subv.Copa Europa Baloncesto cadeira de rodas	Axudas a desprazamentos activ.deportivas

As emendas non alteran o gasto corrente non financeiro, diminuindo gasto por unha contía de 14.000 euros no capítulo 2 e aumentando o capítulo 4 en 14.000.

Corrixir o estado de subvencións nominativas, eliminando do devandito estado a aplicación 3410.4890016.

A emenda parcial, si é aprobada, quedará integrada no Ditame da Comisión de Orzamentos e Facenda, quedando a aprobación inicial dos orzamentos coas dotacións que incorporou o Ditame.

Facer as correccións nos estados orzamentarios da Entidade e nos Consolidados. Na proposta de aprobación definitiva do expediente, deberá estar incorporada a emenda de resultar aprobada na aprobación inicial.

En Vigo, a 31 de outubro de 2024

O Concelleiro Portavoz do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vigo: Carlos López Font

